

ANUNCIO SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A COBERTURA URGENTE DA VACANTE DO POSTO DE ENFERMEIRA DO IM DE DROGODEPENDENCIAS DURANTE AS VACACIÓNS DA TITULAR DA PRAZA

O Alcalde por Resolución de dous de xullo de 2015 Resolveu aprobar as bases para a cobertura urxente da vacante do posto de enfermeira do IM de drogodependencias durante as vacacións da titular da praza Dona Verónica Fernández Rodríguez do 6 ó 24 de xullo de 2015.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ó Sr. Alcalde -Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ó modelo que figura ó final das bases (Anexo I).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 38 da Lei de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de tres (3) días hábiles dende o día seguinte da publicación da convocatoria na páxina web do Concello de Monforte de Lemos (**dende o 3 de xullo ata o 7 de xullo**)

A solicitude acompañarse inexcusablemente de fotocopia do DNI en vigor, ou pasaporte do aspirante, dos documentos acreditativos dos méritos que se aleguen para a súa valoración na fase de concurso de acordo co establecido no punto VI das bases.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias. Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello a lista de admitidos e excluídos, indicando a causa de exclusión, concedéndose un prazo de dous (2) días naturais a contar dende o seguinte a publicación, para que subsanen os posibles defectos ou omisións na documentación presentada. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde – Presidente poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación. Igualmente se publicará no taboleiro do Concello as datas, lugar e resultados das probas que se realicen, así como todos os anuncios derivados da convocatoria.

Para calquera aclaración ou información adicional os interesados poderá poñerse en contacto co teléfono 982 416540.

En Monforte de Lemos a 2 de xullo de 2015

O ALCALDE

